



TURISMO  
DE  
GALICIA

Xacobeo  2027

# CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

---

Ocupación en aloxamentos turísticos INE

Maio 2026



Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de maio de 2026**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2025 e anteriores.

O INE estima que neste mes de maio abriron de media en Galicia uns 4.900 establecementos de aloxamento turístico que ofertaron preto de 112 mil prazas –cifra que supera nun 1,0% o dato do mesmo período do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento variable a nivel das tipoloxías. En particular a oferta increméntase en tres delas, con intensidade variable -un 14% nos apartamentos turísticos, un 12% nos cámpings e apenas un 3% nas pensións-, e descende nas tres restantes -un 2% en turismo rural, un 3% nos albergues e un 5% nos hoteles-.

## MAIO 2026


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 26/25	Nº	Var. 26/25	Nº	Var. 26/25	%	Var. 26/25
HOTEIS	408.686	-2,1%	689.169	-4,4%	1,69	-2,4%	47,50%	0,12
PENSIÓNS	148.363	-3,3%	197.248	-0,3%	1,33	3,1%	36,61%	-1,23
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>557.048</b>	<b>-2,4%</b>	<b>886.418</b>	<b>-3,5%</b>	<b>1,59</b>	<b>-2,7%</b>	<b>44,55%</b>	<b>-0,39</b>
APTOS. TURÍSTICOS	26.112	19,5%	62.093	31,1%	2,38	9,8%	20,35%	2,66
CÁMPINGS	23.957	16,8%	60.642	65,5%	2,53	41,7%	18,13%	2,01
TURISMO RURAL	22.851	5,2%	31.750	-2,1%	1,39	-7,0%	20,52%	-0,01
ALBERGUES	122.952	-6,9%	130.440	-5,8%	1,06	1,2%	33,21%	-1,12
<b>ESTAB. EXTRAHOTEL.</b>	<b>195.873</b>	<b>-0,2%</b>	<b>284.925</b>	<b>11,8%</b>	<b>1,45</b>	<b>12,0%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>752.921</b>	<b>-1,8%</b>	<b>1.171.343</b>	<b>-0,2%</b>	<b>1,56</b>	<b>1,7%</b>	-	-

- O segmento do aloxamento turístico de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues- presenta agora en maio un comportamento estable. En particular, mantense invariable o volume de noites en relación ao pasado ano como consecuencia da confluencia de dous factores: suave caída da cifra de viaxeiros aloxados –do 2%- nun contexto de crecemento paralelo da estadía media.
- Neste contexto Galicia rexistra preto de 1,2 millóns de pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo no mes de maio, cifra case parella á do pasado ano mais superior a toda a serie anterior deste quinto mes -con diferenzas pouco

significativas cos niveis dos últimos anos-. Supera tamén, en consecuencia, os valores previos á pandemia, consolidándose así como máximo da serie histórica do mes de maio. Cunha perspectiva de longo prazo apréciase que son catro anos consecutivos nos que o volume de demanda supera a barreira de 1,1 millóns de noites no mes de maio, con variacións pouco significativas no período 2023-26 - circunstancia que fala máis ben de certa estabilidade global en niveis máximos-.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Maio 2016-26




- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia -o primeiro estado de alarma declarouse en marzo dese ano-. Rexistrárase unha perda de máis do 95%, tanto do número de viaxeiros como de noites -polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se recupera levemente en 2021 e en boa medida en 2022 e anos posteriores - acadando o máximo da serie histórica nestes últimos anos con preto de 1,2 millóns de noites-.
- Neste punto cabe ter en conta, en todo caso, que as comparacións anteriores a 2021 non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde ese ano, as cifras dos albergues -que supoñen un incremento adicional de 130 mil noites-. En ausencia de albergues a evolución sería similar, superando por terceira vez consecutiva na serie histórica o millón de pernoctacións neste quinto mes do ano.
- Neste mes Galicia colócase como o oitavo destino máis importante do Estado - mantén o posto de abril mais mellora o dos meses anteriores-, representando o 2,4% do total estatal - porcentaxe similar á de abril mais superior á dos meses anteriores-. Baleares é agora en maio o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con preto de 9,7 millóns de pernoctacións -o 20% do total-.



Lidera por vez primeira nos últimos oito meses o ranking estatal, substituíndo a Canarias que encabezou a lista de destinos españois desde outubro do pasado ano.


- Logo de Baleares sitúanse a continuación Cataluña –con 8,8 millóns de noites-, Andalucía –con preto de 7,7 millóns de noites-, Canarias –con algo máis de 7,3 millóns-, a C. Valenciana –con preto de 4,8 millóns de noites- e Madrid –con algo máis de 3,1 millóns neste caso-. Estas seis comunidades agrupan neste mes ao 85% do total da demanda turística colectiva do conxunto de España. Nun segundo grupo sitúase Castela e León –con algo máis de 1,2 millóns de noites- por diante de Galicia e dos restantes destinos do Estado.
- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das comunidades autónomas. Unha parte delas –cinco en particular- superan os niveis de demanda do pasado ano, grupo no que se inclúen xustamente aquelas de maior volume de demanda localizadas no mediterráneo xunto con Madrid. Sobe así o número de noites un 5% en Baleares, Cataluña e Andalucía, e un 4% na C. Valenciana e en Madrid.
- Oito destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os catro restantes amosan caída do número de noites –con maior intensidade en A Ríoxa, onde descende a demanda un 10% en relación ao pasado ano-.
- Galicia sitúase, por tanto, no grupo de comunidades de comportamento estable, cunha variación parella á de boa parte das comunidades.
- No conxunto de España o nivel de demanda increméntase un 2,8%. En consecuencia, o comportamento de Galicia empeora en case tres puntos a media do conxunto do Estado.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Practicamente todas as comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en maio do pasado ano, concluíndo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Por destacar os extremos observamos dunha banda Baleares –que presenta o maior incremento de cuota de mercado mellorando xustamente en medio punto porcentual a cifra do pasado ano- e, doutra banda, Canarias –que unha vez máis perde algo máis de medio punto de representatividade neste caso-.
- O comportamento da demanda permite neste caso a todos os destinos situarse por encima das cifras previas á pandemia –con maior distancia o País Vasco e Navarra pois superan en máis dun 30% os valores de hai sete anos- e con menor intensidade Murcia –que apenas supera nun 5% o valor anterior á crise-.
- Neste mes de abril o 76% da demanda corresponde ao segmento hoteleiro –cun 59% para os hoteis e 17% para as pensións- mentres que o 24% restante fica no aloxamento extrahoteleiro, cun maior peso para os albergues –por segunda vez consecutiva desde outubro do pasado ano, co 11% do total, substituíndo aos apartamentos turísticos que lideraron este segmento na temporada baixa- fronte ás restantes tres tipoloxías –cun 5% para os apartamentos turísticos e cámpings e un 3% para os aloxamentos de turismo rural-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Maio 2026



- Esta estrutura diferénciase parcialmente da rexistrada nos tres primeiros meses do ano e aseméllase a un período de temporada media, cun peso importante do segmento hoteleiro e protagonismo crecente para o ámbito non hoteleiro, no que destacan singularmente os albergues.
- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das diferentes tipoloxías de aloxamento. Así en maio dúas modalidades conseguen superar o número de noites do pasado ano, con ademais destacada intensidade -nun 65% os cámpings e nun 31% os apartamentos turísticos-.
- A demanda mantense estable nas pensións e descende nas restantes tres tipoloxías -un 2% en turismo rural, un 4% nos hoteis e un 6% nos albergues-.
- O comportamento da demanda -número de noites- vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados en todas as tipoloxías salvo no caso dos aloxamentos de turismo rural -neste caso descende o número de pernoctacións polo empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 5%-.
- Neste contexto cabe sinalar o comportamento observado nos cámpings pois consolida agora en maio unha tendencia de crecementos consecutivos en case todos os meses de 2025 e en xaneiro, marzo e abril de 2026 -só puntualmente cortada en febreiro coa caída en termos interanuais-, a taxas ademais importantes que superaban en intensidade as variacións observadas nas restantes tipoloxías.
- Esta dinámica mantén os niveis de demanda de case todas as tipoloxías por encima dos valores anteriores á pandemia -con maior distancia os cámpings e en valores máis próximos os hoteis-. Marcan a excepción os aloxamentos de turismo rural -sitúanse por debaixo dos valores anteriores á crise, cunha porcentaxe de recuperación próxima ao 90%-.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticas. Maio 2026/25, por tipoloxías




- O comportamento da demanda nos hoteis vén como consecuencia das caídas rexistradas en dúas categorías. Así neste mes obsérvase un descenso do número de noites no segmento alto -hoteis de catro e cinco estrelas, cunha caída do 7%- e baixo -hoteis dunha estrela, cun descenso do 12% neste caso-. Mantense estable a demanda nos hoteis de dúas estrelas e sobe unicamente nos de tres estrelas, un 2% neste caso.
- No ámbito das pensións o comportamento ten un carácter heteroxéneo apreciándose neste caso caída da demanda naquelas de tres e dúas estrelas -do 4%- e crecemento nas de unha estrela -do 6% neste caso-.
- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza negativa de algo máis de dúas mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato pouco significativo que vén de agregar variacións positivas e negativas nas diferentes modalidades.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Neste mes só un destino -Madrid neste caso- conseguen homoxeneidade completa nas variacións da demanda no sentido de que presentan crecemento do número de noites en todas as modalidades de aloxamento. En consecuencia, practicamente todas as comunidades rexistran dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía.
- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento nos apartamentos turísticos - nestes segmento catorce comunidades autónomas amosan resultados positivos- fronte ás restantes tipoloxías. Navarra e Estremadura son os destinos de maior crecemento da demanda. No lado contrario tres amosan caídas de diversa intensidade.



- No ámbito dos cámpings obsérvase tamén un comportamento positivo importante, con nove destinos superando as cifras do pasado ano -lidera en intensidade Galicia, por diante de Madrid e a C. Valenciana-. Asturias mantense en cifras parellas mentres que as restantes sete comunidades amosan caídas do número de noites - con maior intensidade en Castela A Mancha-.
- No ámbito hoteleiro é a C. Valenciana a comunidade que lidera o crecemento da demanda a nivel estatal por diante de Baleares e Andalucía. Neste caso son só cinco os destinos de comportamento positivo, dous os que manteñen estable o nivel de demanda e a maioría deles -dez en total- con dinámica negativa -A Rioxá rexistra a caída máis notoria neste caso-.
- No segmento de turismo rural a situación é tamén variable. Así só seis destinos sitúanse por encima dos niveis de demanda de 2025, coa C. Valenciana á cabeza en intensidade. Dous destinos mantéñense en cifras parellas mentres que a maioría - nove en total- amosan caídas de diversa intensidade -neste punto son Navarra e Andalucía os destinos con peor comportamento a nivel estatal-.
- Presenta tamén comportamento variable a nivel territorial, en termos relativos, o segmento dos albergues pois neste caso son oito as comunidades de dinámica positiva -Aragón rexistra o incremento de maior intensidade-. Seis destinos, en cambio, amosan caídas da demanda. Por ausencia de datos non se poden estimar variacións interanuais para tres comunidades autónomas neste caso.
- Galicia colócase neste caso en posicións variables, con mellor comportamento relativo no segmento do cámpings -lidera o crecemento a nivel estatal-, e peor comportamento relativo no ámbito hoteleiro -rexistra unha das porcentaxes máis baixas de todas as comunidades autónomas-.
- En termos de volume Galicia ocupa posicións variables nas diferentes modalidades de aloxamento. Ocupa mellor posto no ranking estatal do segmento dos albergues - é a comunidade con maior volume de noites nesta tipoloxía- mais descende á posición número sete no ámbito hoteleiro, número dez nos apartamentos turísticos e nos cámpings e sitúase en lugares inferiores -posto número 13- no segmento de turismo rural.
- Neste mes, o 55% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 20% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor nacional, segmento maioritario que representa o 35%-. O mercado internacional absorbe a porcentaxe restante, o 45% do total da demanda neste caso - porcentaxe importante e superior por segunda vez consecutiva á do interno e por vez primeira neste ano á do receptor nacional-.
- Esta estrutura cambia en relación á observada nos últimos meses, gañando peso o turismo internacional e perdendo, en proporcións parellas, o interno e receptor nacional.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Maio 2026




- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e cambian levemente en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do mercado nacional sitúase no 47% -menos da metade-, cun 17% para o interno e 30% para o que procede do resto do Estado, ficando a maioría -o 53%- para o estranxeiro.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento variable neste mes. Así en maio increméntase o turismo interno, dos residentes en Galicia -un 11%- e descende, en cambio, o turismo receptor -un 4% o que procede do resto do Estado e un 1,4% o internacional-. A variación deste último é de baixa intensidade, e mesmo se pode falar de relativa estabilidade en termos interanuais.
- O crecemento da demanda interna -un 11% o número de noites- eleva o volume final a algo máis de 237 mil pernoctacións, cifra que desde unha perspectiva de longo prazo supón un máximo da serie histórica. É a primeira vez que o nivel de demanda dos residentes en Galicia supera as 230 mil pernoctacións neste quinto mes do ano.
- Descende en cambio o turismo receptor nacional -nun 4% o número de noites-, rexistrando con isto 412 mil pernoctacións no conxunto da comunidade -a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior-. O máximo rexístrouse xustamente o pasado ano, en 2025, con 431 mil noites.
- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica negativa mais o descenso é de tan baixa intensidade que en realidade pode falase de certa estabilidade no longo prazo. Con preto de 522 mil pernoctacións o segmento dos estranxeiros marca agora en 2026 a segunda cifra máis elevada da serie histórica. É o terceiro ano consecutivo no que o turismo internacional supera o medio millón de noites neste quinto mes.
- Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións e proveñen de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados nos tres segmentos de mercado, con axustes da estadia media que intensifican a intensidade positiva no caso do interno.



- A diferenza de dirección e intensidade na variación da demanda leva a que haxa cambios na estrutura da mesma. Neste sentido, mellora o peso do turismo interno - en dous puntos porcentuais- mais cae a cuota do mercado receptor -en algo máis dun punto aquel de orixe nacional e en medio punto o internacional-.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en case todas as tipoloxías consideradas, en porcentaxes que fican levemente por encima do 50% no segmento de turismo rural, e por encima do 60% nos hoteis, nos apartamentos turísticos e nos cámpings. Marcan a excepción neste mes as pensións -rexistran un peso equivalente para os mercados nacional e internacional- e os albergues que por segunda vez consecutiva nos últimos sete meses presentan maior volume e peso do mercado internacional -supón o 70% das noites- fronte ao nacional.
- Acontece isto por segunda vez consecutiva desde outubro do pasado ano, e ao contrario do que se viña observando nos últimos cinco meses nos que se apreciaba maior presenza do turismo nacional fronte ao internacional en todas as modalidades, tamén nos albergues -igual que no verán, por exemplo-. En realidade os albergues presentan habitualmente un perfil da demanda diferentes ás restantes tipoloxías, con maior peso do internacional -esta característica tamén se aprecia puntualmente noutras modalidades, por exemplo, en maio nas pensións-.


Fig. 5. Distribución da demanda por procedencia e tipo do aloxamento. Maio 2026



- O reparto do peso do turismo nacional e internacional nas diferentes tipoloxías esconde diferenzas a nivel interno. En realidade, tendo en conta os tres grandes segmentos obsérvase que en practicamente todas as modalidades o segmento de maior volume e peso é o internacional, superando neste caso e por vez primeira nos últimos meses ao receptor nacional -tradicionalmente o maioritario-. Marcan a excepción os cámpings, única tipoloxía na que o segmento de maior volume e peso é o turismo interno -supón o 52% do total das pernoctacións-.

- O turismo internacional supón o 38% das noites nos apartamentos turísticos, o 42% no ámbito hoteleiro, o 48% en turismo rural e o 70% nos albergues. Nesta última tipoloxía, se contamos co receptor nacional que absorbe tamén unha cuota importante -o 26% do total- da como resultado que o turismo receptor supón o 95% do total das noites. O mercado interno absorbe tan só o 5% das pernoctacións.
- O turismo interno é o segmento de menor peso no segmento hoteleiro, nos apartamentos turísticos e en turismo rural. Tal circunstancia é pouco habitual e acontece unicamente en meses puntuais da temporada media.
- A nivel de tipoloxía e mercados apréciase neste mes un comportamento variable tanto na dirección como na intensidade. Os tres segmentos de mercado presentan dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxías de aloxamento.
- O turismo receptor nacional é o que presenta peor comportamento por canto rexistra descenso do número de noites en todas as modalidades de aloxamento agás nos apartamentos turísticos -sobe un 12%- e nos cámpings -neste último supera nun 21% as cifras do pasado ano-. As caídas sitúanse no 5% no segmento hoteleiro, no 6% nos albergues e no 12% no segmento de turismo rural.

Fig. 6. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Maio 2026/25




- O mercado internacional amosa un perfil tamén dispar pero con mellor comportamento en termos relativos. Así, supera o número de noites do pasado ano en tres tipoloxías: nun 43% nos apartamentos turísticos, nun 16% nos cámpings e nun 8% nos aloxamentos de turismo rural. Descende, en cambio, no segmento hoteleiro -un 3%- e nos albergues -un 7% neste caso-.
- O mercado interno presenta un perfil semellante por canto supera os niveis do pasado ano en tres modalidades, con maior intensidade nos cámpings -case triplica as cifras de maio de 2025- e de forma máis moderada aínda que tamén importante

nos apartamentos turísticos -cunha suba do 44%- e nos albergues -cun 29% neste caso-. O turismo interno descende, en cambio, no segmento hoteleiro -un 2%- e en turismo rural -un 7% neste caso-.

- Desta maneira tres tipoloxías -segmento hoteleiro, apartamentos turísticos e cámpings- presentan un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado -con descenso globais no primeiro e crecementos nos dous últimos-. Nas dúas restantes aprécianse variacións de signo positivo e negativo en función do mercados de referencia.
- Con esta dinámica a estrutura dos mercados cambia en cada tipoloxía de aloxamento. Así o turismo interno gaña peso de forma notable nos cámpings -en 20 puntos porcentuais- e con menor intensidade nos apartamentos turísticos e nos albergues, manténdose estable no ámbito hoteleiro e perdendo cuota no segmento de turismo rural. O receptor nacional perde peso en todas as modalidades de aloxamento -con maior intensidade nos apartamentos turísticos e cámpings- mantendo estable a cuota de mercado nos albergues. O internacional, en cambio, gaña peso nos apartamentos turísticos e no segmento de turismo rural, mantense estable no segmento hoteleiro, e perde cuota significativamente nos cámpings -en case 16 puntos neste caso- e nos albergues.


Fig. 7. Estadía media nos establecementos turísticos. Maio 2026



- A estadía media global sitúase en 1,6 noites, cifra que en termos globais supera nun 2% o dato do mesmo período do pasado ano. Fica, en cambio, por debaixo do valor previo á pandemia -circunstancia que neste mes vese parcialmente afectada pola presenza dos albergues no cómputo global, tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento, tirando cara abaixo o dato global-.
- Con esta suba pouco significativa a estadía media de maio de 2026 sitúase en realidade en valores parellos aos dos últimos tres anos mais por debaixo de toda a serie anterior.

- Os apartamentos turísticos e os cámpings rexistran neste mes a cifra máis alta do conxunto da oferta -con 2,4 noites os primeiros e 2,5 noites estes últimos-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican por debaixo das dúas noites -con 1,7 noites os hoteis, 1,4 noites os aloxamentos de turismo rural, 1,3 noites as pensións e preto de 1,1 noites os albergues-.
- En termos dinámicos a estadia media increméntase en tres modalidades de aloxamento: nos cámpings -de forma significativa, en algo máis un 40%- , nos apartamentos turísticos -un 10%- e nas pensións -un 3% neste caso-. A estadia media mantense relativamente estable nos albergues, e cae nos hoteis -un 2%- e nos aloxamentos de turismo rural -un 7% neste caso-.
- Neste mes Galicia sitúase nunha posición baixa no que atinxe ao valor da estadia media -rexistra en realidade a cifra máis baixa de todo o Estado, circunstancia similar ao observado en meses anteriores-. Canarias, con 5,9 noites, marca o valor máis elevado -tal como acontece en practicamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia Baleares -con 4,6 noites de media- e a C. Valenciana -con 3,6 noites neste caso-.
- En termos dinámicos a estadia media increméntase en cinco comunidades autónomas -lidera este ranking Cantabria cunha suba do contorno do 5%- , mantense estable en tres e descende nos restantes nove destinos -rexistrando Canarias a caída máis notable, do 5% neste caso-.

Fig. 8. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticos. Maio 2026



- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo similar ao rexistrado do lado da demanda, con algún matiz concreto. Neste sentido dúas tipoloxías melloran o dato do pasado ano como consecuencia da evolución positiva do número de noites. Sobe así a ocupación en dous puntos porcentuais nos cámpings e en preto de tres puntos nos apartamentos turísticos.



- A ocupación mantense relativamente estable en dúas tipoloxías -aloxamento hoteleiro e de turismo rural, ambas como consecuencia de variacións parellas da oferta e da demanda- e descende nas pensións -por un incremento da oferta nun contexto de estabilidade da demanda- e nos albergues -por unha caída do número de noites-.
- Os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 47,5% de media neste mes.
- As restantes tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior e variable, superando o 30% nos albergues e nas pensións -esta última cun 36,6%- , situándose arredor do 20% nos apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural, e baixando ao 18% nos cámpings -tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.